

ÁMBITO

Localidade A Pastoriza-Meira

Comarca Lugo centro.

Lugar de realización A Pastoriza

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 8

Nº de non militantes asistentes

Nº de militantes convocad@s

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local Elva Carreira

Representante do Consello Nacional Olalla Rodil

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión 2 horas

Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc) Exposición inicial e depois debate aberto sentados arredor dunha mesa

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Elevada participación, moito debate con posicións diferentes sobre distintas cuestións non só de ámbito nacional senón tamén de ámbito comarcal.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Con carácter xeral:

Este proceso de debate tiña que darse antes da última asemblea nacional. Neste sentido o Proceso Adiante chega tarde.

Na organización hai posicións enfrontadas.

Para que a refundación sexa críbel hai que renovar caras. Nestes momentos hai moito nacionalismo fora do BNG.

É fundamental a unidade do nacionalismo.

Estratexia política do nacionalismo galego

É necesario facer moita pedagogía e fuxir das consignas. Debemos fuxir dos tópicos sobre o nacionalismo. Certas mensaxes espantan á xente.

O noso discurso ten que ser moito mais simple, entendíbel por todo o mundo.

É necesario que as nosas propostas cheguen tamén aos autónomos e pequenos e medianos empresarios. Son sectores moi prexudicados polas políticas centralistas e que sen embargo seguen apoiando maioritariamente esas opcións.

Durante a época na que estivemos no goberno da Xunta deuse un proceso de adaptación do noso discurso aos cambios na sociedade galega, mais esa adaptación rompeuse.

Temos que coidar os pacto co PSOE, non sempre son acertados. O caso da Deputación de Lugo é un exemplo

Participación política e modelo organizativo

Mudar o nome/marca pode axudar a dar unha imaxe de renovación.

Deberían desaparecer os partidos internos.